

# Do sector agrario en Betanzos no primeiro tercio do século XX

MANUEL ROCA CENDÁN \*

## 1) INTRODUCCIÓN

Neste artigo fago unha aproximación á situación do sector agrario betanceiro no primeiro tercio deste século, segun foi descrito nese tempo por un dos principais estudiosos da problemática socio-económica galega de entón: Lois Peña Novo. (1).

O principal traballo seu que tomarei de guía para este achegamento titúlase: «*O problema agrario de Betanzos. A sua resolución*», e foi premiado nos Xogos Florais organizados pola Irmandade da Fala de Betanzos en agosto de 1918, coincidindo coas festas patronais daquel ano. (2).

Antes de expoñer os aspectos básicos dese traballo —finalidade esencial deste artigo— cómpre suliñar a gran importancia que para a economía galega tivo o primeiro tercio deste século, por se dar nel fondas transformacións que cambearon notablemente a estrutura da súa economía rural. Entre esas transformacións, destacarei especialmente dúas:

1) A do sistema de propiedade da terra, rachándose despois de séculos co sistema foral e accedendo o labrego á propiedade plena da terra (a Lei de redención dos foros é do ano 1926, pero xa nos anos anteriores se fixeron moitas redencións de foros, pactadas voluntariamente entre os afectados).

2) A das importantes innovacións técnicas e no sistema de cultivos, producíndose a introducción do arado de vertedeira, da máquina de mallar, dos abonos químicos, unha importante diversificación dos cultivos, etc. (3).

E, tanto nunha como noutra, temos que sinalar ás Sociedades Agrarias como motor básico dese pulo modernizador, nese tempo no que o asociacionismo agrario coñece en Galicia o máis espectacular crecemento de toda a súa historia. (4).

Xa para rematar con esta referencia ó contexto global da economía galega de entón, cómpre non esquecer que estamos ante unha Galicia eminentemente rural, basada nas actividades agrícola e pesqueira, na que a poboación activa empregada nos sectores industriais e de servicios non representa nin sequera a quinta parte da poboación activa total. Por iso, o estudio do seu problema agrario tiña unha importancia fundamental para posibilita-lo seu desenvolvemento económico e social. (5).

## 2) BETANZOS, EXEMPLO DE CULTIVO PARA GALICIA

No comezo do seu traballo encol do problema agrario de Betanzos, Peña Novo analiza a situación agraria galega, dado que haberá moitos problemas comúns para toda Galicia que non presentan variacións importantes para o caso betanceiro. Pénsese, por exemplo, no tema da propiedade da terra —en plena loita antiforal en toda Galicia—, no dos impostos, na necesidade de fomentá-lo espallamento do creto agrícola ou as cooperativas para unha mellor producción e comercialización.

Xa centrado no caso concreto de Betanzos, o primeiro que sinala é que «de todos sabido es que Betanzos es la comarca gallega en donde mejor se cultiva la tierra».

¿Qué razóns da para xustificar esta afirmación?: «así es, por sus tierras mejor trabajadas, por la clase de cultivo, el hortícola que es el indicado aquí en Galicia, por los cultivos que no trabaja porque implicaría su uso un atraso, y trabajan en cambio en casi todo el resto de Galicia, como es el

(\*) Manuel Roca Cendán é licenciado en Ciencias Económicas e profesor de Tecnología Administrativa no Instituto de Formación Profesional de Betanzos.

(1) Peña Novo era entón presidente da Irmandade da Fala de A Coruña, e destacou polo seu labor xornalístico e por dous libros dedicados ó estudo da realidade socio-económica galega: «La Mancomunidad Gallega» e «Nuevas Orientaciones Sociales».

(2) Este traballo está incluído no volumen editado co título: *Xogos Florais de Betanzos*, Betanzos, 1918, (pp. 53-67). E o primeiro traballo non periodístico de Peña Novo, que ten entón vintecinco anos. En adiante, para unha lectura máis doada, xa non farei referencia bibliográfica cando me refira a textos collidos deste traballo.

(3) Para máis información sobre este tema, pódense consultar interesantes traballos de Ramón Villares Paz coma estes dous: *La propiedad de la tierra en Galicia: 1500-1936*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1982 ou: *Historia de Galiza*, Ed. Santillana, Madrid, 1980.

(4) O fenómeno do agrarismo e o papel que xugou na Galicia dessa época, pódese ver no libro de J.A. Durán: *Agrarismo y movilización en el País Gallego (1875-1912)*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1977.


(5) En 1920, a distribución porcentual da poboación activa por sectores económicos era a seguinte:

Primario: 82,7%

Industrial: 7,3%

De Servicios: 9,9%

Os datos están tomados do libro de X.M. Beiras: *Estructura y problemas de la población gallega*, Edit. Banco del Noroeste, 1970, p. 193.



Peña Novo, por Cebreiro.



Peña Novo, en 1920, ano no que foi elixido concelleiro do Axuntamento da Coruña. O primeiro concelleiro nacionalista da historia de Galicia.

cultivo del maíz, y finalmente porque en la comarca brigantina apenas hay tierra alguna sin trabajar». (6).

Analiza despois o tipo de cultivos, destacando que o terreo cultivado está prácticamente dividido por igual entre os adicados a horta, a patacas e a cereais. No tocante ós últimos, encontra algo excesiva a terra adicada ó seu cultivo, anque pensa que é un rasgo moi positivo o baixo cultivo do millo (xa que o trigo e o centeo supoñen, aproximadamente en igual extensión, case o total do cultivo cerealístico). (7).


Refírese tamén ó viñedo, que tivera unha fonda baixa despois das epidemias de anos anteriores, decindo que «es la única comarca de la provincia de La Coruña en donde se cultiva el viñedo con bastante extensión (...). Hasta hace varios años produjo bastante vino para el consumo de la comarca. Hoy se cultiva poco más de la mitad de la tierra que antes».

A razón que el da para explicá-lo feito de que non se refixerá o sector vinícola da crise como noutras zonas (por exemplo no Ribeiro, na que se repuxeran as cepas) foi o carácter da autoconsumo que tiña a explotación vinícola betanceira, frente á orientación exportadora daquelas outras.

Se Peña Novo consideraba excesivo o terreo adicado ó cultivo dos cereais, pensaba en cambeo que era moi cativo o adicado ós frutais, e chama a atención sobre o beneficio económico que supoñería o seu aumento:

(6) É importante sulliar que él analiza concretamente a zona que coincide co Concello betanceiro, posto que a outra zona (a de montaña) tería unhas características semellantes ás das outras zonas de montaña de Galicia. El expresao así: «En Betanzos hay dos comarcas agrícolas que conviene distinguir: la comarca montañosa de prados, de bosques, de cultivo de los cereales y de la ganadería es como toda la montaña de la provincia, con los mismos cultivos, los mismos productos y los mismos atrasos. Y la comarca del propio Ayuntamiento de Betanzos en donde el cultivo es principalmente hortícola, en donde ya se trabaja para exportar, y no solamente para consumir, con un cultivo intensivo, formándola toda esa comarca la mejor huerta de Galicia. Esta es la que nos toca examinar, porque el problema de la anterior no difiere del problema del resto de la montaña».

(7) A falla de rentabilidade económica do cultivo dos cereais en Galicia é xa un vello tema na literatura económica de Galicia, exposto por exemplo a mediados do século XIX por José Pardo Bazán. No século XX, van ser moitos os autores que insisten na comenencia de non adicar moitos terreos ó seu cultivo (e moi en especial ó do millo).



Cuberta e contracuberta do libro euado en Betanzos con motivo dos «Xogos Froraes» de 1918.

«Por las condiciones de fecundidad y clima de huerta de Betanzos, podría desarrollarse en ella mucho más de lo que hoy lo está, el cultivo de los frutales. Es una verdadera lástima que con unas condiciones tan privilegiadas no haya sido atendido el árbol frutal con predilección.

En la campiña de Betanzos hay muchos árboles de adorno, olmos, abedules, robles, castaños, que todos ellos, ni como maderables ni bajo otro aspecto, rinden un producto remunerador. Los árboles frutales podrían sustituirlos con muchísima ventaja, por su mayor producción, por la facilidad y economía del replante...».

E falando das árbores, digamos que destaca como moi positivo o feito de que Betanzos sexa unha das comarcas de Galicia nas que menos importancia teñen os montes do Estado (dado o pequeno aproveitamento económico que aqueles rendían). Con todo, alude ó importante potencial económico que supón a riqueza forestal da parte da montaña, e ás grandes ventaxas que en canto a vías de comunicación presenta Betanzos para a comercialización dessa riqueza «por ser puerto de mar, de doble vía férrea, y por tener la vía gratuita del Mandeo para bajar casi sin coste los pinos de la montaña».

### 3) A GANDERIA: OS «POLDERS» BETANCEIROS

Peña Novo fala da gandería coma a principal riqueza do labrego galego, destacando moi especialmente o gando vacuno, que por entón tiña un espectacular desenvolvemento e unha gran saída comercial para abastece-las principais capitais do Estado. (8).

No tocante a Betanzos, sinala tamén que a gandería vacuna é a que ten máis importancia, e chama a atención sobre a gran potenciación que podería ter esta riqueza pecuaria de se aproveitar axeitadamente unha gran riqueza que os betanceiros tiñan ben á man: as pradeiras que bordean a ría.

No seu plantexamento pon como exemplo o labor feito polos holandeses e daneses para gañar terras ó mar coa construcción de diques: os «polders». (9).

Vexamos, máis polo miúdo, a exposición que el fai desta interesante cuestión:

(8) Véxase: Ramón Villares, *La propiedad...*. Op. cit. pp. 371-382, onde se refire ó díxito procedente da comercialización do gando vacuno como un dos factores principais que posibilitarían as redencións dos foros que se produciron no primeiro tercio deste século.

(9) Ainda que Peña Novo non emprega este nome no seu traballo, nome que en holandés significa «tierra contenida por medio de diques». Peña Novo cita a Holanda e Dinamarca, pero hai moitos outros países con «polders» como Alemania, Francia, Bélxica, Japón ou incluso na zona do Mar Mediterráneo (como en Italia, onde se coñece co nome de «bonificaciones»).



Fotografía de Lois Peña Novo que aparecía abrindo o seu traballo nos «Xogos Floraes» de Betanzos, 1918.

«La ría de Betanzos baña más de cien hectáreas de terreno, que son prados naturales, pero que sólo dan hierba mala, una parte, y otra parte, la mayor, no da nada; ambas por dos causas: porque siempre son inundadas por las mareas altas y porque el agua salada impide su fertilización. Y estas dos causas ocurren por una causa única: la impericia de sus propietarios, de todos los brigantinos, si son bienes comunales, porque no trabajan esas tierras para un cultivo fecundo; elevando un muro de contención, o sea formando diques, se evitaría la invasión de las mareas y se ganaría con muy poco coste una enorme extensión de terreno al mar. No de otra manera han hecho su riqueza los trabajadores pueblos del Norte, holandeses y daneses. Esos diques tendrían esclusas siempre cerradas en invierno, cerradas también en verano durante la pleamar, pero abiertas en las bajas mareas, por medios fáciles recogerían el agua dulce del río, que está a más altura, y por esa razón, con poquísimo coste, casi sin canalizaciones, se podrían regar completamente todas aquellas tierras que serían, sin duda alguna, los mejores prados de Galicia y que alimentarían cientos, sino miles, de cabezas de ganado».

Veláí, pois, uns verdadeiros «polders» betanceiros nos que xa case se ven as praderías cheas de vacas rubias galegas... ¿Por qué non, se as vacas holandesas pacen nos que onte eran terreos pantanosos, polo esforzo e a imaxinación do home?

#### 4) A AGRICULTURA BETANCEIRA ¿MODELO PARA A HOLANDESA?

Pero si Peña Novo buscó en Holanda un modelo para un mellor aproveitamento da riqueza gandeira ó traveso de lle gañar terras ó mar, tamén houbo algúm técnico holandés que veu na agricultura betanceira un bon modelo para o seu país, e a el referiráse Peña Novo tres anos despois de escribir o traballo que resultou premiado nos Xogos Floraes de Betanzos.

O artigo titúlase: «El regionalismo gallego y el estado económico de la región» e foi publicado no ano 1921 en «Acción Coruñesa» (10). Nel tenta rebatir unha frase de Ortega y Gasset na que falou de Galicia como «tierra pobre, habitada por almas rendidas» e para iso bota man de datos estadísticos que amosen a alta productividade da agro-gandería galega (comparada ca de outras zonas do Estado). No marco dese razonamento dí despois:

«Son siempre los extranjeros los que han de desagraviarnos. Aún no hace muchos años que el Gobierno holandés ha enviado un sabio profesor a estudiar la agricultura española, y en su informe ha manifestado que el cultivo gallego es completamente diferente al de resto de España, cultivo celta muy superior y que la zona de Betanzos era la más adelantada de España, una de las mejores de Europa, de la cual el Gobierno holandés debía tomar ejemplo y enseñanza». (11).

Temos xa pagado, xa que logo, o exemplo holandés dos polders. Cambeamos exemplo gandeiro por exemplo agrícola, e todos tan contentos. E con esta nota optimista sober da agricultura betanceira rematamos, lembrando estas aproximacións betanceiro-holandesas de onte no medio do aluvión informativo euro-comunitario de hoxe.

(10) Concretamente, o día 21 de febreiro de 1921.

(11) O suliñado é meu.